

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Emprego da aplicación AbalarMóbil

Esta aplicación para móbiles (Smartphone e tablets) nace no contexto do Proxecto Abalar. Permitirá a todas as familias consultar a información de calquera dos seus fillos a través destes dispositivos.

As familias deberán descargar **abalarMóbil** para dispoñer das seguintes funcionalidades:

- Acceder aos datos persoais.
- Consultar as cualificacións.
- Consultar as faltas de asistencia.
- Consultar as faltas de conduta.
- Consultar os datos do centro educativo.
- Consultar os avisos ou notificacións por parte do profesorado ou do centro educativo.
- Recibir as circulares do Centro (**toda a información do centro trasladarase por esta aplicación, non se enviarán circulares en papel**).

A descarga desta aplicación faise desde Play Store (se o sistema operativo é Android) ou ben desde Apple Store (se o sistema operativo é IOS). Por suposto, tanto a nai como o pai do alumno/a poden descargar dita aplicación nos seus dispositivos.

Dispoñedes dunha videoguía da aplicación no enderezo: www.youtube.com/watch?v=7SkyNklCoU

Se atopades algunha incidencia na descarga da aplicación, que indique, por exemplo, que “o teléfono non se corresponde con ningún alumno”, podedes pasar pola Secretaría para solucionar o problema.

As faltas de asistencia do alumnado serán cargadas na aplicación como máximo ao final do mes correspondente e as cualificacións publicaranse ao final de cada trimestre escolar.

Agardamos que todos/as poidades descargar e empregar esta ferramenta, facilitando así, a comunicación entre o Centro e as familias.

Reciban un cordial saúdo.

A Dirección.